

NOTA DE PRENSA

Profesionais da psicoloxía de emerxencias analizan as intervencións en caso de suicidio

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2015.- Os membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia reflexionan sobre as propias intervencións en casos de mortes por suicidio no marco dun seminario formativo previsto para este sábado 6 de xuño. Na xornada de carácter interno analizarán as actuacións realizadas neste tipo de falecementos durante o 2014 e 2015, para o que foron requiridos en dúas ocasións cada ano.

A docencia correrá por conta dos propios psicólogos e psicólogas intervinientes, que exporán a súa experiencia. Así mesmo, revisaranse pautas de actuación para futuras activacións en caso de morte por suicidio, tendo en conta os datos estatísticos que se manexan na actualidade e as recomendacións propostas desde a Organización Mundial da Saúde e desde a Consellería de Sanidade.

Galicia posúe unha taxa de suicidios moi superior á media do conxunto do Estado, que neste último ano, de acordo cos datos do Instituto de Medicina Legal de Galicia, IMELGA, se sitúa na nosa Comunidade en 14 por 100.000 habitantes, fronte aos 12,03 estatal. En datos absolutos, 394 persoas quitáronse a vida en Galicia en 2014, unha cifra moi superior ás 333 de 2013 e que mantén unha tendencia en alza nos últimos anos.

Sáudos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.org